

Cinema a Pedal estrea sección competitiva internacional

[D. P.](#)

19 de setembro de 2026

<https://www.farodevigo.es/bisbarras/2026/09/19/cinema-pedal-estrea-seccion-competitiva-134439985.html>

Nigrán celebra hoxe a xornada central da Semana Europea da Mobilidade e do festival «Cinema a Pedal», que nos Cines Municipais da Ramallosa estreou esta semana a súa primeira edición competitiva con filmes de vinte países. Un total de 16 curtametraxes (catro delas infantís) e cinco longametraxes disputaron premios de entre 300 e 1.000 euros.

Francia, Arxentina, Italia, Irlanda, India, España, Alemaña, China, Suíza, Malaisia, Brasil, Perú, Bolivia, Polonia, Nova Zelandia, Nepal, Singapur, México, Ecuador e Uruguai, ademais de Galicia, estiveron representados nunha selección que percorre xéneros e estilos diversos, desde a ficción e o documental ata propostas experimentais. Non son só películas nas que aparecen bicicletas, senón filmes que atopan neste medio de transporte unha forma de falar de liberdade, identidade, memoria, territorio, traballo e resistencia.

O xurado estivo formado polo cineasta Víctor Hugo Seoane, o crítico Severiano Casallerrey e a programadora uruguaia Alejandra Frechero.

Catro percorridos

As 16 curtametraxes que se proxectaron esta semana artículanse en catro bloques temáticos. «Resistencia» reúne Peregrina de inverno, de DisCamino, e a nepalí The Women of Two Cities, dúas historias de mulleres que falan de autonomía e capacidade para decidir sobre a propia vida. «Camiños secundarios» agrupa Teatro Rodante, Última entrega e a galega Historia dunha bicicleta, con protagonistas que atopan na bicicleta un vehículo de creación, traballo e liberdade.

«A seguinte curva» achega My bike, my baby, When the geese flew e Se acabó el verano, relatos sobre crecer, despedirse e construír unha vida propia. Pola súa banda, «A contrapedal» reúne Cara de bicicleta, Otro día, nosotros e Ultramarino, que cuestionan os guións sociais, familiares ou de xénero establecidos. Ademais, a curtametraxe Beauty, que xa tivo boa acollida na etapa ao aire libre do festival, tivo unha nova proxección.

A programación completouse con cinco longametraxes: 3000km en bicicleta, de Iván Vescovo (Arxentina); Rodando, de María Castaño (España); El viento y todos los tiempos, de Carla Valencia

Dávila (Ecuador); Desperté con un sueño, de Pablo Solarz (Arxentina), e Tres adioses, de Isabel Coixet (Italia). Varios filmes contaron coa presentación dos propios cineastas, que acompañaron as proxeccións.

Finde de encontros

O peche desta edición do festival inclúe, na xornada de hoxe, ás 11:00 horas nos cines, un obradoiro de creación de xoguetes precinematográficos para a cativada, con inscrición previa necesaria.

Ás 12:00 horas, a librería Paraísos de Papel de Nigrán acolle a presentación do libro «Señoras en bicicleta», crónica dos primeiros anos da bicicleta e da súa relación coas mulleres, escrita polas xornalistas Ana Bulnes, Raquel C. Pico e María Ramos Domínguez.

Ás 18:00 horas terá lugar «Pedaladas libres», conversa sobre as relacións entre cinema, bicicleta e xénero, que reunirá profesionais do audiovisual para falar da presenza das mulleres diante e detrás da cámara.

Mañá domingo 20, ás 12:00 horas, chegará «Bicis solidarias», encontro que porá en diálogo a DisCamino, nacida en 2009 para axudar a persoas con discapacidade a chegar a Santiago en bicicleta, e Recycling, proxecto de Lalín que dá unha segunda vida ás bicicletas en desuso.

A última sesión, «Pedaleamos por Mauri» (domingo, 18:00), terá a solidariedade como punto de partida coa proxección de Lost, videolibro da autora nigranesa Soledad García Riveiro, xunto á curtametraxe gañadora da sección infantil. Será a única actividade con taquilla inversa voluntaria, cuxa recadación se destinará a «Unha cura para Mauri», iniciativa para financiar o tratamento dun neno de Nigrán que padece a enfermidade de Alexander.